

## Chocos en Ifach.

A mole calcárea do penedo de Ifach é testemuña das andanzas duns animais extraordinarios.

Unha das súas capacidades é avolver a auga cun chorro de tinta cando se sente ameazado, para confusión dos seus depredadores.

Outra das capacidades dos chocos é a de acadar un mimetismo case perfecto co medio. Son capaces de provocar abultamentos do tegumento, que imitan a textura e a forma dos cantos.

Ademais das obvias diferenzas morfolóxicas, os moluscos con patas na cabeza, que é o que significa cefalópodo, distínguense doutros moluscos pola súa capacidade de natación activa. No caso dos chocos, o movemento das aletas que rodea o manto é o mecanismo principal.

E tamén de adoptar un aspecto ameazante que asustaría a calquera monstro mitolóxico con só levantar e retorcer un par de tentáculos, que agora parece cornos afiados.

Pero os chocos invisten tanto esforzo en se defender como en atacar, xa que son depredadores larpeiros.

A camuflaxe e a vista son dúas das súas mellores armas. En realidade o que ocorre é que os cefalópodos teñen un cerebro moito máis desenvolvido e funcional do que a súa posición na árbore evolutiva faría pensar.

Aínda que hai momentos na vida na que todos os animais parecen iguais.

O choco non planifica a súa dieta nin sabe de moderación. Ao atopar outra presa, non vacilou en lanzarse sobre ela e tratar de inxerila, pero non calibrou ben a súa capacidade. Téntao unha e outra vez; e unha e outra vez fracasa.

Tras pasar o día enterrado na area, é a hora da súa sixilosa rolda nocturna. Os tentáculos detectan algo en fronte. Unha vez máis, combinará discreción e sorpresa, intelixencia e forza, que nas doses adecuadas son as mellores virtudes dos grandes cazadores. Os tentáculos superiores erectos advirten de que o choco vai de caza.

Saca o brazo e ¡zas! Cunha técnica só mellorada polos vaqueiros do salvaxe oeste, o choco botou o lazo. Mentres suxeita a presa cos oito tentáculos curtos, unhas poderosas mandíbulas en forma de bico de loro encargaranse de triturala.

E volta á tranquilidade da area. Nunca se sabe onde hai un choco, salvo que adopte a coloración atigrada que os machos usan como reclamo sexual. Engalanarse para acaparar a atención durante un intre é bastante frecuente no reino animal. E os ollos delineados e con cor non parece que os inventara a especie humana. Pero si non vai haber encontro, ou si xa se produciu, a presenza de conxéneres adoita ser molesta.

Defender o territorio non é tarefa menor. Nela aplícanse os chocos con case todos os seus recursos, aínda que a actitude é moi diferente da que adoptan para cazar. A final de contas, o invasor ten as mesmas armas e sabe moito como o invadido.

Nada coas aletas, usa o sifón para propulsarse, poida que cheguen a botar a tinta. Nos seus entre dous e tres anos de vida, o choco usará repetidamente todos eses prodixios da evolución biolóxica que a especie humana tardou moito en imitar ou en saber empregar.